

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

2296 *REAL DECRETO 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.* («BOE» 30, do 3-2-2007.)

O artigo 16 bis 5 do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, encoméndalle ao Goberno da Nación a fixación mediante real decreto, oídas as comunidades autónomas, do ámbito territorial das demarcacións hidrográficas, engadindo, ademais, que este será coincidente co do seu plan hidrolóxico. O precepto indicado leva a cabo a necesaria habilitación para completar, no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, a regulación xurídica correspondente á incorporación ao dereito de augas español do concepto de demarcación hidrográfica creado pola Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Para os efectos de lle dar cumprimento ao previsto no artigo 16 bis 5 mencionado e, conseguintemente, de fixar as demarcacións hidrográficas cuxo ámbito territorial afecte máis dunha comunidade autónoma, tiveronse en conta principios distintos. En primeiro lugar, e obviamente, procurouse o estrito cumprimento do concepto de demarcacións hidrográficas tal e como resulta da súa incorporación ao dereito español e tendo en conta para efectos interpretativos o contido do artigo 3 da Directiva 2000/60/CE. No caso específico de España, ese concepto non pode operar sobre o orzamento dun hipotético baleiro previo, senón, ao contrario, sobre unha estrutura de bacías hidrográficas máis que consolidada e axustada en liñas xerais á estrutura organizativa e de división competencial entre o Estado e as comunidades autónomas. Por iso se optou por manter, na medida do posible, a actual estrutura de bacías hidrográficas mediante a correspondente adición das augas de transición e as costeiras segundo resulta tamén do contido do artigo 16 bis do texto refundido da Lei de augas. Os límites entre as augas costeiras de demarcacións veciñas establecéronse mediante liñas definidas polo punto terrestre polo que pasan e a súa orientación con respecto ao norte xeográfico.

Por outra parte, o real decreto optou por considerar incluídas en cada demarcación todas as augas subterráneas situadas baixo os límites definidos polas divisorias das bacías hidrográficas da correspondente demarcación. A xestión desas augas realízase na actualidade mediante as unidades hidroxeolóxicas, e deberanse articular, se é o caso, ao longo do proceso de planificación e unha vez definidas as masas de auga subterránea que substitúan as ditas unidades, os mecanismos de coordinación entre os organismos competentes de cada demarcación que garantan a consecución dos obxectivos ambientais establecidos para as ditas masas.

O real decreto ocúpase do caso especial das bacías compartidas con Estados veciños. No suposto das bacías compartidas con Portugal, á marxe das decisións que agora se tomen, no futuro deberán ser definidas polos dous Estados unhas demarcacións hidrográficas internacionais; España non pode facer outra cousa agora que sinalar a correspondente parte española desas demarcacións internacionais. Nese plano, este real decreto adopta igualmente decisións arredor de pequenas superficies que forman parte de bacías compartidas entre Francia e España. As ditas superficies non son moi significativas dentro do conxunto da bacía compartida canto á extensión, polo que nestes casos non se estima necesario defi-

nir unha demarcación internacional, atendendo á innecesaria complicación que suporía para a xestión. Por último, tomando tamén como punto interpretativo o artigo 3 da Directiva 2000/60/CE, prevese a resolución do suposto particular relativo a Andorra, Ceuta e Melilla.

A disposición transitoria única ten a finalidade de aclarar que a inclusión de determinadas bacías hidrográficas no ámbito dalgunha demarcación hidrográfica reviste carácter provisional naqueles casos en que se trate de bacías comprendidas na súa totalidade nunha comunidade autónoma determinada e que ata a data non fosen obxecto de traspaso. A dita provisionalidade finalizará cando as comunidades autónomas afectadas asuman de maneira efectiva as competencias sobre as ditas bacías. Nese momento deberanse revisar as demarcacións hidrográficas correspondentes. A revisión da Demarcación Hidrográfica do Júcar deberá respectar, en todo caso, o resolto pola sentenza do Tribunal Supremo do 20 de outubro de 2004.

O resto de supostos a que se refire este real decreto poden ser entendidos perfectamente, sen necesidade de explicación adicional ningunha, en función da aplicación do criterio xeral xa indicado de respecto á situación tanto hidrográfica como de división competencial preexistente.

Finalmente, no procedemento de elaboración desta norma consultáronse, entre outros, as comunidades autónomas e o Consello Nacional da Auga.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de febreiro de 2007,

DISP O Ñ O :

Artigo 1. *Disposicións xerais.*

1. Enténdese por demarcación hidrográfica a zona terrestre e mariña composta por unha ou varias bacías hidrográficas veciñas e as augas de transición, subterráneas e costeiras asociadas ás ditas bacías, de acordo co artigo 16 bis.1 do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

2. En cada demarcación hidrográfica considéranse incluídas todas as augas subterráneas situadas baixo os límites definidos polas divisorias das bacías hidrográficas da correspondente demarcación.

3. No caso dos acuíferos compartidos entre varias demarcacións hidrográficas atribúese a cada unha delas a parte de acuífero correspondente ao seu respectivo ámbito territorial, debendo garantirse unha xestión coordinada entre as demarcacións afectadas. Para estes efectos enténdese que son acuíferos compartidos os definidos como tales no Plan Hidrolóxico Nacional.

4. Naquelas zonas onde non se acordasen cos Estados veciños os límites do mar territorial, as augas costeiras e de transición delimitáranse mediante a aplicación do principio de equidistancia, nos termos previstos no artigo 4 da Lei 10/1977, do 4 de xaneiro, sobre o mar territorial.

Artigo 2. *Delimitación do ámbito territorial das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias situadas en territorio español.*

As demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias situadas en territorio español son as seguintes:

1. Demarcación Hidrográfica do Guadalquivir. Comprende o territorio da bacía hidrográfica do río Guadalquivir, así como as bacías hidrográficas que verten ao océano Atlántico desde o límite entre os termos municipais de Palos de la Frontera e Lucena del Puerto (Torre del Loro) ata a desembocadura do Guadalquivir, xunto coas súas

augas de transición. As augas costeiras teñen como límite oeste a liña con orientación 213.º que pasa pola Torre del Loro e como límite leste a liña con orientación 244.º que pasa pola Punta Camarón, no municipio de Chipiona.

2. Demarcación Hidrográfica do Segura. Comprende o territorio das bacías hidrográficas que verten ao mar Mediterráneo entre a desembocadura do río Almanzora e a marxe esquerda de La Gola del Segura na súa desembocadura, incluídas as súas augas de transición; ademais a subbacía hidrográfica da Rambla de Canales e as bacías endorreicas de Yecla e Corralrubio. As augas costeiras teñen como límite sur a liña con orientación 122.º que pasa por El Puntazo de los Ratonés, ao norte da desembocadura do río Almanzora, e como límite norte a liña con orientación 100.º que pasa polo límite costeiro entre os termos municipais de Elche e Guardamar del Segura.

3. Demarcación Hidrográfica do Júcar. Comprende o territorio das bacías hidrográficas que verten ao mar Mediterráneo entre a marxe esquerda de La Gola del Segura na súa desembocadura e a desembocadura do río Cenía, incluída a súa bacía, xunto coas súas augas de transición. Quedan excluídas as bacías intracomunitarias da Comunitat Valenciana, así como as augas de transición a elas asociadas. As augas costeiras teñen como límite sur a liña con orientación 100.º que pasa polo límite costeiro entre os termos municipais de Elche e Guardamar del Segura e como límite norte a liña con orientación 122,5.º que pasa polo extremo meridional da praia de Alcanar. Quedan excluídas as augas costeiras asociadas á fachada litoral das bacías intracomunitarias da Comunitat Valenciana.

Artigo 3. Delimitación da parte española das demarcacións hidrográficas correspondentes ás bacías hidrográficas compartidas con outros países.

As parte españolas das demarcacións hidrográficas correspondentes ás bacías hidrográficas compartidas con outros países son as seguintes:

1. Parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Limia. Comprende o territorio español das bacías hidrográficas dos ríos Miño e Limia, así como a parte española das súas augas de transición. As augas costeiras teñen como límite norte a liña con orientación 270.º que pasa pola Punta Bazar, ao norte da desembocadura do Miño, e como límite sur o límite entre o mar territorial de Portugal e España.

2. Parte española da Demarcación Hidrográfica do Norte. Comprende o territorio das bacías hidrográficas dos ríos que verten ao mar Cantábrico desde a desembocadura do río Eo, incluída a deste río, ata a fronteira con Francia, xunto coas súas augas de transición, excluído o territorio das subbacías vertentes á marxe esquerda da ría do Eo e excluído o territorio e as augas de transición asociadas das bacías internas do País Vasco. Inclúe, ademais, o territorio español das bacías dos ríos Nive e Nivelles. As augas costeiras teñen como límite oeste a liña con orientación 0.º que pasa pola Punta de Peñas Blancas, ao oeste da ría do Eo, e como límite leste a liña con orientación 2.º que pasa por Punta del Covarón, no límite entre as comunidades autónomas de Cantabria e País Vasco.

3. Parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro. Comprende o territorio español da bacía hidrográfica do río Douro.

4. Parte española da Demarcación Hidrográfica do Texo. Comprende o territorio español da bacía hidrográfica do río Texo.

5. Parte española da Demarcación Hidrográfica do Guadiana. Comprende o territorio español da bacía hidrográfica do río Guadiana, así como a parte española das súas augas de transición. As augas costeiras teñen como límite oeste o límite entre o mar territorial de Portugal e

España, e como límite leste a liña con orientación 177.º que pasa polo límite costeiro entre os termos municipais de Isla Cristina e Lepe.

6. Parte española da Demarcación Hidrográfica do Ebro. Comprende o territorio español da bacía hidrográfica do río Ebro e as súas augas de transición, da bacía hidrográfica do río Garona e das demais bacías hidrográficas que verten ao océano Atlántico a través da fronteira con Francia, excepto as dos ríos Nive e Nivelles; ademais a bacía endorreica da lagoa de Gallocanta. As augas costeiras teñen como límite sur a liña con orientación 122,5.º que pasa polo extremo meridional da praia de Alcanar e como límite norte a liña con orientación 90.º que pasa polo Cabo de Roig.

7. Demarcación hidrográfica de Ceuta. Comprende o territorio de Ceuta, así como as súas augas de transición e costeiras.

8. Demarcación Hidrográfica de Melilla. Comprende o territorio de Melilla, así como as súas augas de transición e costeiras.

Disposición adicional primeira. Cooperación con Portugal.

A cooperación entre España e Portugal nas demarcacións hidrográficas do Miño-Limia, Douro, Texo e Guadiana utilizará as estruturas existentes derivadas do Convenio sobre cooperación para a protección e aproveitamento sustentable das augas das bacías hidrográficas hispano-portuguesas, feito en Albufeira o 30 de novembro de 1998. Nas demarcacións internacionais do Miño-Limia e do Guadiana a cooperación respecto das augas costeiras e de transición articularase de acordo co que se conveña entre as dúas partes.

Disposición adicional segunda. Cooperación con Francia.

A cooperación entre España e Francia respecto dos ríos, augas costeiras e de transición compartidas das demarcacións hidrográficas do Norte, do Ebro, así como das bacías internas do País Vasco, articularase mediante acordos entre ambos os países para alcanzar os obxectivos ambientais nas ditas masas de auga.

Disposición adicional terceira. Cooperación con Andorra.

Establecerase a adecuada cooperación con Andorra co fin de lograr os obxectivos ambientais definidos na Demarcación Hidrográfica do Ebro.

Disposición adicional cuarta. Cooperación con Marrocos.

Establecerase a adecuada cooperación con Marrocos co fin de lograr os obxectivos ambientais definidos nas demarcacións hidrográficas de Ceuta e de Melilla. Así mesmo, cooperarase con Marrocos co fin de lograr unha utilización óptima e equitativa dos cursos de auga internacionais, así como a súa protección adecuada.

Disposición transitoria única. Adscrición provisional das bacías non traspasadas.

1. A delimitación do ámbito territorial das demarcacións hidrográficas que comprenden bacías hidrográficas intracomunitarias cuxo traspaso de funcións e servizos non se efectuase revisarase inmediatamente despois de que o dito traspaso teña lugar.

2. Ata que se produza a revisión a que se refire o punto anterior, toda bacía hidrográfica intracomunitaria non traspasada quedará provisionalmente adscrita á demarcación hidrográfica cuxo territorio estea incluído no ámbito territorial da confederación hidrográfica a que a bacía de que se trate pertenza na actualidade.

3. A revisión do ámbito territorial das demarcacións hidrográficas a que se refire o punto 1 irá acompañada

dunha revisión do ámbito territorial das confederacións hidrográficas actualmente definido no artigo 1 do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

O artigo 2 do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 2. *Ámbitos territoriais dos plans hidrolóxicos.*

Os ámbitos territoriais dos plans hidrolóxicos coincidirán cos ámbitos territoriais das demarcacións que se fixan no Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Medio Ambiente ditará as normas que resulten precisas para o desenvolvemento e aplicación do previsto neste real decreto, sen prexuízo das competencias que, en materia de cooperación internacional con outros Estados, lle corresponden ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
CRISTINA NARBONA RUIZ

2297 *REAL DECRETO 126/2007, do 2 de febreiro, polo que se regulan a composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias. («BOE» 30, do 3-2-2007.)*

O artigo 36 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, dispón a existencia, no caso das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, dun órgano de cooperación denominado Comité de Autoridades Competentes. Determinadas polo Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, as demarcacións hidrográficas tal e como dispón o artigo 16 bis 5 do citado texto refundido, débese proceder a regular a composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes para os efectos de posibilitar o seu funcionamento efectivo.

Este real decreto desenvolve o previsto no artigo 3.2 da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de acción no ámbito da política de augas, e no punto terceiro do artigo 36 bis do texto refundido da Lei de augas, adoptando no relativo á Administración xeral do Estado as decisións concretas sobre o

número e a distribución de membros que deben estar presentes nos comités de autoridades competentes, igualándose aquel co número de representantes das comunidades autónomas, tal e como exige o parágrafo a) do artigo 36 bis.3 do citado texto refundido. En relación ás comunidades autónomas, o real decreto limitase a fixar as que deberán estar presentes nos comités de autoridades competentes a partir da simple constatación de cales son as que teñen o seu territorio, en todo ou en parte, dentro do ámbito da demarcación hidrográfica. Finalmente, destácase a representación das entidades locais.

En relación ao funcionamento dos comités, parece claro que o seu carácter de órgano de cooperación e a súa vinculación ao organismo de bacía da demarcación hidrográfica determinan que deba contar cun apoio específico dos servizos da presidencia do organismo de bacía dado que o presidente destes organismos é por determinación legal, pola súa vez, presidente do Comité de Autoridades Competentes.

Finalmente fíxanse as atribucións dos comités de autoridades competentes a partir do esquema básico presente no punto primeiro do artigo 36 bis do texto refundido da Lei de augas complementado coa referencia do artigo 99 bis.3. Para iso tívose bo coidado en respectar o seu carácter fundamental de órgano de cooperación e o que debe ser, loxicamente, obxectivo fundamental do comité, como é a súa participación nos procesos relativos á formación e revisión da planificación hidrolóxica, todo iso, claro está, desde a perspectiva específica que serve de base á creación deste órgano como é a protección das augas.

Este real decreto adopta as decisións fundamentais mediante as cales se poida constituír este novo órgano en cada demarcación hidrográfica, para así proceder ao cumprimento das funcións e atribucións que lle outorga o texto refundido da Lei de augas.

Finalmente, no procedemento de elaboración desta norma consultáronse, entre outros, as comunidades autónomas e o Consello Nacional da Auga.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de febreiro de 2007,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto.*

É obxecto deste real decreto a regulación da composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias previstos no artigo 36.bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xuño.

Artigo 2. *Natureza.*

1. Para garantir a adecuada cooperación na aplicación das normas de protección das augas, créanse no caso de demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, os comités de autoridades competentes.

2. A creación do comité de autoridades competentes da demarcación hidrográfica non afectará a titularidade das competencias que, nas materias relacionadas coa xestión das augas, lles correspondan ás distintas administracións públicas, que se continuarán exercendo de acordo co previsto en cada caso na normativa que resulte de aplicación, nin á titularidade ou exercicio das competencias que correspondan á Administración do Estado derivadas dos acordos internacionais, bilaterais ou multilaterais, nos que España sexa parte e resulten de aplicación.